

VIAXE CULTURAL A ROMA 2013-2014

Como en cursos anteriores, o Departamento de Grego do IES As Telleiras en colaboración co Departamento de CCSS, Xeografía e Historia ten a intención de levar a cabo a actividade extraescolar “Viaxe cultural a Roma”, previsiblemente entre os días 28 de abril e 1 de maio de 2014; está dirixido ao alumnado de Cultura Clásica de 3º e 4º ESO, de Grego e/ou Latín e/ou Historia do Mundo contemporáneo de 1º BACH (diurno) e de Grego e/ou Latín e/ou Historia da Arte de 2º BACH (diurno).

O noso obxectivo é coñecer *in situ* as pegadas do noso pasado romano, facendo un percorrido por algúns dos máis interesantes lugares da Cidade Eterna que nos permitirán admirar e valorar o legado que o mundo clásico nos deixou; así mesmo, no desexo de afondar no coñecemento da nosa propia historia, teremos a oportunidade de achegarnos a monumentos, obras e artistas dos distintos periodos histórico-artísticos que marcaron para sempre a nosa identidade cultural europea: a Idade Media, o Renacemento, o Barroco, os séculos XIX e XX...


Como pequena mostra deste espléndido catálogo de lugares e obras que poderemos ver e gozar nesta viaxe cultural, velaquí algún exemplos:

O COLISEO: <http://archeoroma.beniculturali.it/siti-archeologici/colosseo>



Exterior do Coliseo hoxe


Interior do Coliseo hoxe



O FORO: <http://archeoroma.beniculturali.it/siti-archeologici/foro-romano-palatino>



O PANTEÓN DE AGRIPA: <http://www.youtube.com/watch?v=2P0FUjTmDWs>



AREA SACRA DI LARGO ARGENTINA

